

BONO DEPORTE XUNTA DE GALICIA

Estimadas familias,

Comprácenos informar que a Xunta de Galicia aprobou o "Bono Deporte", unha oportunidade que poden aproveitar todos os estudantes que participaron nas actividades do Plan Xogade do colexio. A continuación, explicámosvos brevemente o proceso para solicitar esta axuda, e achegamos o Diario Oficial de Galicia (DOG) oficial cos requisitos, prazos e montos correspondentes.

Todos os alumnos que estean inscritos no programa Xogade teñen o dereito de solicitar o "Bono Deporte", desde 2º Ed. Primaria ata 3º da ESO (estes últimos, que non repetisen curso). Polo tanto, todos aqueles que participaron este ano nas actividades de Xogade do colexio, como campo a través, vela ou deportres autóctonos, e cumplan estas condicións, poden solicitalo. Trátase dun desconto de 120 € en material deportivo que se pode usar en todos os establecementos que participan nesta iniciativa.

As solicitudes estarán abertas a partir do 8 de xaneiro. No DOG adxunto, a información relevante atópase no artigo 12.

Para realizar a solicitude, debes acceder ao sitio web <https://www.bonodeporte.gal/gl/client>, completar os datos que se piden e indicar unha número identificador. Este número identificador será o formado polas iniciais do nome e apelidos en maiúsculas, seguidas da data de nacemento con dous díxitos para o día, dous para o mes e os dous últimos para o ano. **Por exemplo, se o nome é Ana Pazos González e a data de nacemento é o 3 de febreiro de 2015, o identificador sería APG030215.**

Se tedes algunha pregunta, non dubidedes en enviar un correo electrónico a bonodeporte@xunta.gal.

Agradecemos a vosa atención e quedamos á vosa disposición para calquera consulta adicional.

Atentamente,

A Dirección.